



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|------------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Intervención psicolóxica nas discapacidades | Código | 652G03025 | |
| Titulación | Grao en Educación Social | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Psicoloxía | | | |
| Coordinación | | Correo electrónico | | |
| Profesorado | Barca Enríquez, Eduardo Franco Taboada, Victoria | Correo electrónico | e.barcae@udc.es v.franco@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | <p>Os contidos da materia contemplan, por unha banda, o ámbito de actuación, que non é outro que o da discapacidade e, por outra, os procesos, procedementos e factores que interveñen na acción educativa en contextos non formais para inducir cambios comportamentais. En relación con este último aspecto é necesario que o alumno coñeza as distintas formas que poden adoptar os estados deficitarios e diferencie entre os factores de carácter intrapersonal do suxeito daqueloutros de natureza interpersonal e/ou contextual.</p> <p>Desde unha perspectiva psicopedagóxica, a docencia dunha materia destas características para futuros educadores sociais debe fornecerlles non só os coñecementos e a metodoloxía necesaria para facer fronte ás situacións tan especiais e particulares, moitas veces distorsionadas e decepcionantes, coas que se poden atopar na súa vida profesional, senón tamén axudarlles a desenvolver unhas actitudes de reflexión, de crítica e de compromiso para abordalas de forma consistente.</p> | | | |
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos: non se modifican</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen:se non se pode manter a presencialidade das clases interactivas ou expositivas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: impartirase clase virtual a través de Teams no horario habitual das clases presenciais interactivas e as expositivas serán sesións grabadas</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: serán tutorías virtuais no horario de tutorías do docente</p> <p>4. Modificacións na avaliación:</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A1 | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes. |
| A2 | Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións. |
| A3 | Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa. |
| A4 | Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas. |
| A5 | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa. |



| | |
|-----|--|
| A8 | Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos |
| A9 | Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario. |
| A11 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa. |
| B1 | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información. |
| B2 | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa. |
| B3 | Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade. |
| B4 | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social. |
| B5 | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión. |
| B6 | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
|---|-------------------------------------|----------------|----------|
| | A2 | B4 | C4 |
| Coñecer e identificar as distintas formas que poden adoptar os estados deficitarios ou de atraso no desenvolvemento e diferenciar entre os factores de carácter intrapersonal do suxeito daqueles outros de natureza interpersonal e/ou contextual. | A3 A4 A5 | | C8 |
| Ter a capacidade de identificar os factores psicolóxicos e sociais que inflúen no estado de saúde ou enfermidade das persoas con discapacidade, das súas familias e da comunidade. | A1 A4 A5 A8 | | |
| Coñecer e desenvolver os procesos, procedementos e factores que interveñen na acción educativa con persoas con diversidade funcional en contextos non formais para inducir cambios comportamentais. | A4 A5 A9 A11 | B2 B4 | C4 C8 |
| Comprender as distintas teorías (teorías da aprendizaxe, as teorías cognitivo-constructivistas e a teoría xeral de sistemas) e formas de intervención para aplicar na educación de persoas con diversidade funcional e en ámbitos familiares e comunitarios para mellorar a inclusión social de persoas en situación de risco ou conflito social. | A2 A4 A5 A8 | B6 | C4 |
| Comprender os aspectos psicolóxicos, pessoais e contextuais na relación educador social-persoa con discapacidade. | A5 A11 | B4 B5 B6 | C1 |
| Coñecer e identificar os problemas psicolóxicos e físicos derivados das situacións de violencia, malos tratos ou abuso de persoas con discapacidade para capacitar aos estudantes na prevención, a detección precoz, a asistencia, e a rehabilitación das vítimas destas formas de violencia. | A3 A8 | B2 B5 | C4 |



| | | | |
|---|----------------|----------|----------------------|
| Fornecerlles información para desenvolver unhas actitudes de reflexión, de crítica e de compromiso para abordar as situacións problemáticas de forma consistente. | A1 A3 A9 | B1 B5 | C1 C4 C6 C8 |
| Identificar os factores que interveñen no traballo en equipo e en situacións de liderado. | | B3 | C3 C7 |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| TEMA 1: CONCEPTUALIZACIÓN DE DIVERSIDAD FUNCIONAL | 1.1.- A diversidade funcional na sociedade actual. 1.2.- Orixe e evolución das diversas concepcións da discapacidade. 1.3.- As Clasificacións Internacionais. 1.4.- Programas de acción e estratexias de intervención |
| TEMA 2: INTERVENCIÓN EN EDUCACIÓN SOCIAL. | 2.1.- A INTERVENCIÓN NA ACCIÓN SOCIAL. 2.2.- DELIMITACIÓN DE CONTEXTOS DE INTERVENCIÓN DO EDUCADOR SOCIAL NA DISCAPACIDADE 2.2.1. Intervención na discapacidade no ámbito familiar. 2.2.2. Intervención na discapacidade no ámbito socio-comunitario. 2.3. ENFOQUES DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA 2.3.1.- Enfoque Conductista. 2.3.2.- Enfoque Cognitivo-Constructivista. 2.3.3.- Enfoque Ecolóxico. |
| TEMA 3: A DISCAPACIDADE FUNCIONAL INTELLECTUAL | 3.1.- CONCEPTUALIZACIÓN DE DIVERSIDADE FUNCIONAL COGNITIVA 3.2.- FACTORES ETIOLÓXICOS. 3.3.- OS INDICADORES PRINCIPAIS. 3.4.- TRASTORNOS/SÍNDROMES ASOCIADOS A DIVERSIDADE FUNCIONAL COGNITIVA. 3.5.- DESARROLLO COGNITIVO Y ORGANIZACIÓN DE LOS PROCESOS INTELLECTUALES. 3.6.- ASPECTOS PSICO-EMOCIONAIS. 3.7.- DIFICULTADES DE ADAPTACIÓN SOCIAL. |
| TEMA 4: OS TRASTORNOS DE ESPECTRO AUTISTA (TEA) | 4.1.- CONCEPTUALIZACIÓN DOS TEA. 4.2.- TIPOS DE TRASTORNOS. 4.3.- DESCRIPCIÓN, ETIOLOGÍA, PREVALENCIA E CONCEPTO DE TEA. 4.4.- RECOMENDACIÓN PREVIAS Á INTERVENCIÓN. 4.6.- ENFOQUES COGNITIVOS DE INTERVENCIÓN: PROGRAMAS DE "LECTURA DA MENTE". |
| TEMA 5: DIVERSIDADES FUNCIONAIS FÍSICAS, SENSORIAIS E OUTRAS | 5.1.- AS DIVERSIDADES FUNCIONAIS FÍSICAS: DESCRIPCIÓN E TIPOS. 5.2.- DIVERSIDADES FUNCIONAIS SENSORIAIS: AUDITIVA, VISUAL, ETC. 5.3. OTRAS DIVERSIDADES FUNCIONAIS E NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIALES 5.4.- RECURSOS DE INTERVENCIÓN PARA O EDUCADOR. |

| Planificación | | | | |
|-----------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A4 A5 A8 A9 A11 | 16 | 32 | 48 |
| Traballos tutelados | A2 A3 B1 B2 B5 B6 C8 | 12 | 30 | 42 |



| | | | | |
|------------------------|-------------------------------|----|----|----|
| Proba mixta | A1 A4 A5 A8 A9 A11 | 1 | 6 | 7 |
| Discusión dirixida | B3 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 | 1 | 3 | 4 |
| Estudo de casos | A2 A4 A5 A8 B5 C7 | 10 | 25 | 35 |
| Portafolios do alumno | B3 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 | 0 | 4 | 4 |
| Atención personalizada | | 10 | 0 | 10 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-----------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos máis relevantes dunha determinada temática de especial interese e incidencia formativa. Vai acompañada de orientacións sobre a maneira máis adecuada de aprender os devanditos contidos |
| Traballos tutelados | Ao comezo do curso fixaranse unha serie de actividades, individuais e colectivas, sobre os contidos máis relevantes do programa. O alumno deberá elaboralas e entregalas para a súa avaliación |
| Proba mixta | As probas obxectivas da materia consistirán nunha serie de actividades, de carácter teórico e/ou aplicado, nas que o alumno deberá utilizar os coñecementos adquiridos na materia ao longo do curso |
| Discusión dirixida | Discusión en grupo sobre algúns dos contidos do programa. Esta discusión ha de ir apoiada en coñecementos sobre o tema e argumentos. Moderada polo profesor da materia |
| Estudo de casos | Analizaranse diferentes casos a través do estudo das vulnerabilidades asociadas ao desenvolvemento evolutivo e a través da análise de artigos e personas que sufriron alteracións e interrupcións no seu desenvolvemento |
| Portafolios do alumno | Farase un portfolio reflexivo sobre a figura personal do educador a través do autocoñecemento dirixido ao desenvolvemento de habilidades persoais para afrontar as esixencias que a profesión require. Favorecerase a importancia do autocoidado como ferramenta necesaria para o desenvolvemento axeitado da profesión en consonancia cun bó coñecemento de un mesmo sobre os seus puntos fortes e febles. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | Durante a realización dos casos expostos e dos traballos tutelados o alumno disporá de sesións de orientación, tanto individuais como grupales, nos que se lle asesorará sobre as técnicas e estratexias de estudo que lle permitan a aprendizaxe e o traballo autónomos. Este asesoramento estará fixado desde o comezo do curso e terá un carácter periódico. |

| Avaliación | | | |
|---------------------|---------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Sesión maxistral | A1 A4 A5 A8 A9 A11 | Valorarase a asistencia e a participación do alumnado nas sesións interactivas xa que por mor do covid non haberá expositivas | 5 |
| Traballos tutelados | A2 A3 B1 B2 B5 B6 C8 | Valorarase a entrega dun portfolio sobre o traballo personal sobre a figura de cada un como educador no que se analizarán e reflexionarán sobre os puntos fortes e febles que cada un temos para saber potenciar os primeiros e desenrolar os segundos para saber como inflúen nas nosas intervencións cos usuarios que teñamos. 30 puntos Tamén se pedirán traballos sobre diversos contidos. 15 puntos | 45 |



| | | | |
|--------------------|-------------------------------|--|----|
| Proba mixta | A1 A4 A5 A8 A9 A11 | Valorarase o grado de comprensión dos contidos e a capacidade para relacionar os coñecementos entre si, seleccionando coherentemente os que deben ser utilizados para responder adecuadamente ás cuestións solicitadas. | 35 |
| Discusión dirixida | B3 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 | Valorarase a participación do alumno baseada en argumentos contrastados e tamén a través dunha actividade de Clase Invertida que se levará a cabo nas interactivas e onde por grupos terán que expoñer un tema relacionado coa diversidade funcional | 15 |

Observacións avaliación

Será obrigatoria a asistencia ás clases interactivas para a admisión dos traballos e clases prácticas. Os alumnos terán que entregar un portafolios coas actividades realizadas para presentarse ás probas mixtas de avaliación.

Excepción: O alumnado que, tendo recoñecida a condición de estudante

a tempo parcial, teña solicitado no Decanato a dispensa académica. Ver Norma*O alumno nesta situación deberá asistir ás clases teóricas ou prácticas, segundo a súa dispoñibilidade. A avaliación será coa proba mixta cunha valoración sobre 10 puntos.

* Segundo a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grado e mestrado universitario na

Universidade da Coruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016). No artigo 6 defínense os dereitos que ten o alumnado matriculado a tempo parcial, entre outros: "a disfrutar dun

réxime de asistencia a clase e carácter flexible e a solicitar dispensa

académica especial" en tanto non afecte ao proceso de avaliación do estudante. Especificamente sobre a dispensa, o artigo 7.5 recolle que

"exime da asistencia a clase daquelas materias, ou partes de

materias, nas que se admita a citada dispensa na súa guía docente".

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | AAIDD (Asociación Americana de Discapacidades Intelectuais e do Desenvolvemento) (2011). Discapacidade intelectual. Definición, clasificación e sistemas de apoio. Editorial: ALIANZA EDITORIALBaron-Cohen, S. (2010). Autismo e Síndrome de Asperger. Editorial: ALIANZABarton, L. (Comp.) (1998). Discapacidade e Sociedade. Madrid. Morata.Frith, U. (1991). Autismo. Madrid. Alianza.Gallardo Jáuregui, M ^a V. e Salvador López, M ^a L. (1994). DiscapacidadeMotórica. Aspectos Evolutivos e Psicoeducativos.Archidona, Málaga. Aljibe.García Sánchez, J. N. (Coord) (1999). Intervención Psico pedagógica en los Trastornos del Desarrollo. Madrid. Pirámide.Ojea, M. (2012). Autismo. Comprender las emociones. Editorial: PSYLICOMPalomo, R. (2017). AUTISMO. Editorial: ALIANZA.Sánchez, J.M. (2011). Programa pienso, luego soy uno más. Pensamiento libre para personas con discapacidad intelectual. PIRÁMIDEVerdugo Alonso, M. A. (dir.) (1995). Personas con discapacidad.Perspectivas psicopedagógicas e rehabilitadoras.Madrid: Siglo Veintiuno de España Editores.Verdugo Alonso, M. A. e Navas Macho, P. (2016). Todos somos todos. Derechos e calidade de vida de las personas con discapacidad intelectual e mayores necesidades de apoio.Informe ejecutivo. Salamanca: INICO.Verdugo, M.A. e Schalock, R.L. (2013). Discapacidade e inclusión .Editorial: AMARÚ. |
| Bibliografía complementaria | - (2011). Gente extraordinaria: Una mente privilegiada. . https://youtu.be/OIRB_DI7RKE - Zondek, A. (2015). Manual para una inclusión laboral efectiva. http://studylib.es/doc/8575934/manual-para-una-inclusi%C3%B3n-laboral-efectiva-de-personas |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario



| |
|--------------|
| |
| Observacións |
| |

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías